

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 17 DE XANEIRO DE 2018 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ORGANIZAR CURSOS DE EXTENSIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ANO 2018**Saída Nº. 201800000739  
17/01/2018 09:16:07

O Decreto 7/2010 de 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos desta Universidade (DOG DO 02 de febreiro) establece no seu artigo 2 que entre os seus fins prioritarios está *a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida*. Así, no artigo 109 do devandito texto normativo establécese que *a universidade arbitrará os medios necesarios para potenciar o seu compromiso coa reflexión intelectual, a creación e a difusión da cultura, en especial a galega, e promoverá o achegamento das culturas humanística e científica e esforzarse por lle transmitir o coñecemento á sociedade mediante a divulgación da ciencia*.

Un dos instrumentos mais relevantes dos que dispón a Universidade de Vigo para desenvolver este mandato estatutario consiste no programa de cursos de Extensión Universitaria, xa que lles permite aos membros da comunidade universitaria promover e organizar accións formativas que, ademais de servir de complemento á formación regrada, facilitan a transmisión do coñecemento desenvolvidos na Universidade ao no contorno social, e contribúen decididamente a vincular á Universidade de Vigo coa sociedade en que insire.

xunto cos cursos de extensión universitaria, consiste no programa de obradoiros, xa que lles permite aos membros da comunidade universitaria promover e organizar accións formativas que, ademais de servir do complemento á formación regrada, facilitan a transmisión de destrezas e habilidades desenvolvidas por estes ao noso contorno social, e contribúen decididamente a vincular á Universidade de Vigo coa sociedade en que se insire.

En virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades, esta reitoría **RESOLVE**:

1. Facer pública a convocatoria de axudas para a organización cursos de extensión universitaria da Universidade de Vigo no ano 2018.
2. Ordenar a publicación da presente convocatoria, xunto coa súa normativa correspondente, no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares e na páxina web [http://extension.uvigo.es/extension\\_gl/cultura/cursos/](http://extension.uvigo.es/extension_gl/cultura/cursos/).

A axuda para organizar cursos de extensión no ano 2018 solicitarase no modelo oficial (Anexo I), e presentarse xunto coa documentación esixida nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas **ata o 16 de febreiro de 2018. O modelo estará dispoñible na secretaría virtual.**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.


As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 17 de xaneiro de 2018

O reitor

Por delegación R.R. do 29/06/2017 (D.O.G. do 10 de xuño)

O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais



Manuel José Fernández Iglesias

Dilixencia para facer constar que a presente resolución publícase no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo.

Vigo, 17 de xaneiro de 2018

A xefa de Sección de Extensión Universitaria

Servizo de Xestión da Extensión  
Universitaria  
Universidade de Vigo  
Nº 1, Campus Universitario, Vigo

## **BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ORGANIZAR CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ANO 2018**

### **1. OBXECTO DOS CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA**

- a) Facer partícipe á sociedade de novos elementos culturais e científicos procedentes da investigación realizada na Universidade ou noutros centros de creación cultural e produción de recoñecementos.
- b) Organizar actividades de formación, que poidan levarse a cabo en coordinación con outras institucións académicas e/ou sociais, que permitan a suma de esforzos na planificación cultural e formativa da cidadanía, potenciando especialmente a creación artística e o estudo do seu proceso creador.

### **2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

Poderán solicitar a organización de cursos de Extensión Universitaria os membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

A persoa solicitante, en calidade de director ou directora do curso proposto, deberá ter relación coa temática do curso que solicita.

### **3. CONDICIÓN XERAIS**

#### **3.1. Características académicas de cada curso de Extensión Universitaria**

- a) Cada curso deberá estruturarse nun programa que considere obxectivos, temática de que trata, métodos e recursos, que reflecta, se fose o caso, a distribución de actividades e a súa dedicación (horas presenciais, horas de traballo individual, procesos de avaliación do alumnado, etc...).
- b) Deberá recoller un procedemento de avaliación do propio curso que permita analizar o grado de cumprimento dos obxectivos e introducir melloras no futuro.
- c) Terá unha duración entre 30 e 60 (ambas incluídas) horas de dedicación do estudante, logo de incluír todos os conceptos.
- d) Contará unha dirección que poderá ser auxiliada nas funcións administrativas por un secretario ou secretaria do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo.

- e) O número de estudantes previsto por cada curso non debe ser inferior a 35 nin superior a 100.
- f) O alumando da Universidade de Vigo poderá validar os cursos de Extensión Universitaria por créditos ECTS como actividades universitarias culturais. O recoñecemento farase a razón de 1 crédito ECTS por cada 30 horas de traballo do estudante.
- g) Unha vez rematado o curso, a dirección (do curso) elaborará unha memoria final, que deberá remitir, á Vicerreitoría correspondente, nun prazo de 10 días hábiles contados dende o remate do curso.  
Na memoria final deberase especificar o código e nome do curso e será remitida, debidamente asinada, aos os seguintes correos electrónicos:
- Para a vicerreitoría de Extensión Universitaria: [extensión@uvigo.es](mailto:extensión@uvigo.es)
  - Para a vicerreitoría do Campus de Ourense: [asc-ou@uvigo.es](mailto:asc-ou@uvigo.es)
  - Para a vicerreitoría do Campus de Pontevedra: [asc-po@uvigo.es](mailto:asc-po@uvigo.es)
- h) Corresponde a persoa encargada da dirección do curso de Extensión Universitaria establecer os contidos do programa, contactar e informar aos docentes, así como organizar o desenvolvemento do curso, garantir o control de asistencia de cara a entrega de diplomas, articular o procedemento de avaliación do curso, así como de cantas outras tarefas de xestión sexan precisas para o normal funcionamento do curso.

### 3.2. Condicións de matrícula nos cursos de Extensión Universitaria

- a) O importe da matrícula non superará os 4,16 € por hora de docencia presencial ata un máximo de 249,6 € por curso.
- b) As persoas que poidan xustificar a súa pertenza á comunidade universitaria da Universidade de Vigo terán unha redución do 35 % sobre o prezo da matrícula.
- c) A redución do 35 % sobre o prezo da matrícula poderá ser extensiva a outros colectivos (estudantes doutras universidades, persoas xubiladas ou desempregadas, persoal traballador de institucións e empresas colaboradoras etc.) no caso de subscribirse os oportunos convenios.
- d) Devolverase o prezo da matrícula dos cursos de Extensión Universitaria, tras solicitalo a persoa interesada, cando concorran algunha destas causas:
- Cancelación do curso ou modificación das datas de celebración, horario ou lugar.
  - Formalización da matrícula unha vez completado o número de prazas do curso.
  - Comezo dunha relación laboral (mediante un contrato de traballo ou de alta na Seguridade Social).
  - Maternidade (co correspondente certificado médico).
  - Enfermidade, (co correspondente certificado médico).
  - Aboamento dunha cantidade superior ao prezo do curso como consecuencia de erros materiais ou de cálculo. Neste caso devolverase a diferenza aboada en exceso.

- e) As solicitudes de devolución deberán tramitarse como data límite no prazo de dez días dende o comezo do curso achegando a documentación xustificativa.  
En caso de cancelación a persoa interesada o prazo empezará a contar dende a súa notificación ou publicación.  
Para solicitar a devolución, a persoa matriculada deberá acceder a través da mesma plataforma de inscrición para introducir o número de conta no que se fará efectiva a devolución.  
O enlace para a tramitación de devolucions é o mesmo que se utilizou para a inscrición <https://culturxest.uvigo.es/WebCulturaUVigo/actividades/>.

### 3.3. Financiamento dos cursos de Extensión Universitaria

As propostas dos cursos de Extensión Universitaria incluírán o orzamento de ingresos e gastos. O orzamento total de gastos non poderá superar en ningún caso o orzamento de ingresos.

Os cursos financiaranse prioritariamente cos ingresos por matrícula ou financiamento externo. A estimación dos ingresos por matrícula farase utilizando a fórmula seguinte:  $0,75 \times \text{núm. de estudantes previstos} \times 0,825 \times \text{prezo da matrícula completa}$ .

A dirección do curso levará a cabo todas as xestións necesarias para cobrar as subvencións externas á Universidade de Vigo.

Sempre que haxa dispoñibilidade orzamentaria, a Universidade de Vigo poderá contribuir para organizar os cursos de Extensión Universitaria cun máximo de 4.000 euros, sendo aprobada pola comisión de Extensión Universitaria e Estudantes en Vigo, ou polo consello de Campus correspondente en Ourense e Pontevedra.

En casos moi excepcionais, polas súas especiais características e debidamente xustificado pola persoa encargada da dirección do curso, se o importe solicitado é superior, poderá ser aprobado pola comisión correspondente, segundo o Campus.

Os fondos destinados a esta acción irán con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indican:

OUR1 211E 22606 no campus de Ourense.

PON1 211E 22606 no campus de Pontevedra.

00EU 211E 22606 no campus de Vigo.

### 3.4. Condicións relativas ás retribucións e aos gastos do curso.

- a) Ningunha persoa que imparta unha conferencia pode ser retribuída en máis de 700 €, sexa cal sexa a súa dedicación ao curso.
- b) O importe que percibirá por hora de dedicación a actividades presenciais (aulas, conferencias, mesas redondas, etc...) non debe ser superior a 100 €. De existir algún caso en que polas especiais características do curso precise unha remuneración maior, deberá xustificarse na solicitude e ser aprobada pola comisión de Extensión Universitaria e Estudantes ou consello de Campus correspondente.

- c) Ningúna persoa que imparta unha conferencia percibirá remuneración adicional por dedicación a actividades non presenciais.
- d) A dirección e secretaría serán retribuídas cun máximo do 10% do orzamento de ingresos do curso. O límite máximo para estes conceptos será de 500 € e de 250 € respectivamente
- e) A persoa que dirixe o curso poderá participar nas actividades presenciais do curso. Neste caso, e como norma xeral, a súa retribución total por este concepto sumada á que lle correspondería pola dirección non superará a cantidade de 700 €.
- f) O persoal docente que utilice coche particular para desprazarse poderán percibir (ademais das retribucións pola docencia impartida) e sempre que se xustifique e sexa aprobado pola comisión de Extensión Universitaria e Estudantes ou o consello de Campus correspondente, o equivalente a 0,19 €/km. Segundo o desprazamento realizado ata un máximo de 270 €.
- g) Todas as cantidades ás que se refiren os apartados anteriores enténdose brutas, polo que se lle aplicarán os descontos do IRPF establecidos polas disposicións vixentes.
- h) Só se considerarán gastos de aloxamento no caso de docentes fóra de Galicia ou de docentes que participen en máis dunha xornada, sempre que se xustifiquen e sexan aprobados pola comisión de Extensión Universitaria e Estudantes ou consello de Campus correspondente.
- i) O importe total da manutención non poderá superar a cantidade de 32 € por persoa e día.

Estas facturas e todas as demais derivadas de gastos de funcionamento deberán presentarse directamente polo proveedor a través do sistema de facturación electrónica, a nome do servizo de Xestión da Extensión Universitaria.

- j) Como norma xeral, non se incluírán gastos de competencia doutros servizos, salvo que estean debidamente xustificadas e sexan aprobados especificamente pola comisión de Extensión Universitaria e Estudantes ou consello de Campus correspondente.

#### **4. DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS DE EXTENSIÓN**

A Universidade de Vigo xestiona e financia os custos de publicidade e difusión dos cursos de Extensión aprobados ao abeiro da presente convocatoria.

Unha vez aprobada a oferta de cursos de extensión, especificarase o seu prazo de matrícula, que comezará na mesma data para todos os cursos.

Finalizado o prazo de matrícula, un curso poderá ser cancelado se non acada o 75 % do alumnado previsto, e/ou non dispón do financiamento que asegure que se vai realizar.

A Universidade de Vigo expedirá un diploma oficial, acreditativo da asistencia, a cada participante que seguise polo menos un 85% das actividades presenciais programadas. Ademais do nome e apelidos da persoa asistente e o título do curso, indícarase o número de horas deste e os créditos de validación ou recoñecemento que lle corresponden ao curso de extensión. A dirección, secretario ou secretaria, recibirán da Universidade de Vigo a certificación oportuna.

## 5. EXCLUSIÓN

Quedan excluídos desta convocatoria:

- Os cursos de especialización, cursos de formación, cursos de posgrao e mestrados, así como calquera outra actividade formativa que non se axuste aos obxectivos e formato desta convocatoria.
- Os cursos de extensión solicitados por persoas que non sexan membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.
- Os cursos cunha duración inferior a 30 horas ou superior a 60 horas de dedicación do alumnado, incluíndo todos os conceptos.
- Os cursos que reciban financiamento de calquera outra das convocatorias da Universidade de Vigo.

## 6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas interesadas deberán encher o modelo oficial de solicitude que se atopa na secretaría virtual da Universidade de Vigo

[https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/2924](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/2924)

A solicitude xunto cos documentos esixidos presentárase no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas e deberán dirixirse á vicerreitoría do campus onde a persoa que o solicite, é dicir, o/a director/a do curso, teña establecido o seu centro de docencia ou centro de traballo, independentemente do lugar de celebración do curso.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día **16 de febreiro de 2018**.

As persoas solicitantes deberán acompañar a seguinte documentación no momento da presentación da solicitude:

- Datos do curso de Extensión Universitaria (Anexo II).
- Currículo resumido do persoal docente (Anexo III).
- Custo do persoal docente (Anexo IV).

- Orzamento estimado do curso (Anexo V)
- No caso de contar con financiamento externo á Universidade de Vigo, achegarse a documentación acreditativa expedida pola(s) entidade(s) ou institución(s) correspondente(s), con indicación da contía económica concedida en cada un dos casos.
- Autorización do lugar de celebración do curso.

Ás persoas solicitantes tamén se lle poderán requirir que acheguen aqueles outros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

## 7. SELECCIÓN

A Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes (no caso das solicitudes presentadas no campus de Vigo), o Consello de campus de Ourense ou o Consello de campus de Pontevedra (no caso das solicitudes presentadas nos respectivos Campus), avaliará todas as propostas recibidas e decidirá os cursos que se realizarán.

Seleccionaranse un máximo de 8 cursos para o campus de Vigo, 6 para o campus de Pontevedra e 6 para o campus de Ourense.

Para iso, a Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou Consello de Campus respectivo procederá á avaliación e selección das que constituirán a programación de cursos para o ano 2018, de acordo cos seguintes criterios:

- Diversidade de ámbitos (técnico, científico, cultural, social e didáctico).
- Calidade e viabilidade das propostas.
- Oportunidade e impacto ds propostas en función do contexto histórico, cultural e socioeconómico.
- Darase prioridade ás propostas de cursos que capten financiamento externo e procurarse que como mínimo se aprobe un curso por ámbito.
- No caso de propostas de cursos realizados en anos anteriores, teranse en conta a avaliación do alumnado. No caso de que esta sexa negativa, considerarase tamén a memoria final. Asemade, estes criterios avaliaranse de acordo coas evidencias incluídas na memoria.

Así, mesmo, e co fin de conseguir a maior pluralidade e diversidade na programación dos cursos, tratarase de evitar que unha mesma persoa dirixa ou sexa docente en máis dun curso. Por outra banda, entre outras consideracións, a Comisión valorará positivamente os cursos nos que participen polo menos 5 docentes, que o profesorado proceda de máis dunha institución e que estes se celebre entre o **7 de maio e o 28 de setembro de 2018**.



Ademais das solicitudes anteriores, a vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, para o campus de Vigo, e as vicerreitorías dos campus de Ourense e Pontevedra, para os seus respectivos campus, poderán tomar a iniciativa de organizar cursos para cumprir os obxectivos previstos. Oa cursos propostos polas Vicerreitorías poderanse encargar o seu deseño a persoas ou entidades alleas á Universidade.

Neste suposto, non serán sometidos ao proceso de avaliación, bastando informar dos mesmos á Comisión de Extensión Universitaria ou ao Consello de Campus respectivo.

## 8. RELACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS Á TRÁMITE

Rematado o proceso de selección, publicarase a resolución provisional coa listaxe dos cursos admitidos e excluídos, indicando, de ser o caso, os motivos de exclusión.

Darase **un prazo de cinco días hábiles**, que contarán dende o día seguinte á publicación, para emendar os erros, achegar a documentación requirida ou presentar as alegacións que consideren oportunas.

Unha vez finalizado o prazo, a Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes ou Consello de Campus correspondente, reunirse novamente, no caso de existir algunha alegación, e procederase posteriormente á publicación da resolución definitiva dos concedidos e excluídos xunto co seu motivo.

A persoa encargada da dirección do curso deberá aceptar a axuda para realizar o curso, de ser o caso, mediante documento asinado, comprometéndose a cumprir todas as condicións recollidas nas presentes bases e as aprobadas pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes ou Consello de Campus correspondente.

## 9. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para o exercicio das funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

A persoa solicitante está de acordo en que os seus datos sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa, a oferta e a prestación de servizos administrativos, a realización de estatísticas, avaliacións e enquisas, do seguimento dos servizos universitarios prestados.

O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia – Servizos Centrais, campus Universitario, s/n 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.